



PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe
Ponte de Xuvia

[Versión 1.0_ xuño 2022]

PLAN DIXITAL DE CENTRO

1. INTRODUCCIÓN

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo de centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. SITUACIÓN DE PARTIDA

- 2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. PLAN DE ACCIÓN

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. AVALIACIÓN DO PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. DIFUSIÓN DO PD

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP Plurilingüe Ponte de Xuvia

Correo electrónico: ceip.ponte.xuvia@edu.xunta.gal

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippontedexuvia/>

O centro no que se levará a cabo este Plan Dixital é o CEIP Plurilingüe Ponte de Xuvia. Trátase dun colexio de educación infantil e primaria que actualmente está constituído por 10 unidades, debido a un desdobre realizado pola situación Covid no 3º curso de Primaria, contando ademais cun total de 186 alumnos e alumnas, e máis concretamente nenos e nenas no caso de Educación Infantil e nenos e nenas en Educación Primaria.

O profesorado que traballa no centro é un claustro de 19 mestres e mestras dos cales tres son compartidos con outros centros educativos da zona.

O centro conta con xornada única e non ten servizo de transporte nin comedor. As instalacións cumpren os requisitos mínimos establecidos pola lexislación vixente, estando a escola constituída por dous edificios de dúas plantas, un para educación infantil e outro para educación primaria. O primeiro edificio acolle ademais biblioteca, aula de informática, aula de música, pequena sala do profesorado e aula de A.L. Existe ademais Ximnasio cuberto para desenvolver as actividades propias da materia de Ed. Física e onde, ante a falta dun salón de actos, acóllense determinadas celebracións, no caso de que as condicións climatolóxicas impidan facelo no exterior.

A falta de espazo é algo evidente, polo que a Biblioteca é o espazo que serve como sala de reunións do claustro e do Consello escolar.

1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo de centro

O centro está situada no concello de Narón, na provincia de A Coruña, próximo á ría de Ferrol. A súa poboación, preto de 40.000 habitantes, está diseminada ó longo das sete parroquias que conforman o concello. Conta cun núcleo urbano de máis de 30.000 habitantes formado polos barrios de A Gándara, A Solaina, O Alto do Castaño, Piñeiros, O Couto, Freixeiro e Xuvia. A súa economía está relacionada cos sectores industrial e servizos, inda que tamén hai unha estreita relación co sector naval debido a súa proximidade a Ferrol. O colexio polo tanto é o típico dunha sociedade inserida na zona costeira semi - rural con pequenas explotacións familiares agrícolas e gandeiras, pequenas empresas, comercios, talleres, e preto dunha gran industria (Megasa) .O alumnado é maioritariamente de clase media, aínda que existen nenos máis desfavorecidos (unha minoría) e ao mesmo tempo algún caso de clase social máis alta. Non existen grupos minoritarios (pode haber algún caso illado).

No Proxecto Educativo de Centro a utilización e aprendizaxe en base ás tecnoloxías se amosa, sobre todo, no apartado referido ao Plan de introdución ás TICs aparecendo no mesmo **obxectivos xerais** como:

- Contribuír á integración dos novos medios nas aulas.
- Argumentar e demostrar que o futuro das TIC, de cara a servir á sociedade, teñen que asumirse a través de proxectos educativos e desenvolverse dende eles.
- Fundamentar e desenvolver un novo modo de relación entre as TIC e a educación que podemos cualificar de integrador.

Ademais, se citan algúns **obxectivos específicos** do profesorado como:

- Adquirir e actualizar por parte do profesorado os coñecementos teóricos e prácticos así como xerar unha dinámica de autoformación e dun sentido crítico ante as TIC.
- Introducir as TIC no ensino de forma xeralizada como mediador nos procesos de ensino – aprendizaxe.

- Coñecer e usar co alumnado as TIC para descubrir e reforzar contidos curriculares.
- Empregar programas de apoio a alumnos con NEAE.
- Experimentar novos modelos de aprendizaxe alternativos á instrucción directa.

En base a estes obxectivos e, sobre todo, a aqueles dirixidos ao alumnado especialmente no referido ás aprendizaxes adquiridas e aos estilos empregados para o desenvolvemento das mesmas, durante os derradeiros anos no centro estase a traballar dun xeito máis xeralizado por parte do profesorado coas tecnoloxías. Ademais hai que ter en conta que os currículos de primaria inclúen, dentro dos seus contidos e estándares de aprendizaxe, o uso das TIC para acadar os obxectivos de etapa e os tiores recollen os mesmos nos seus perfís de área buscando o equilibrio e o correcto desenvolvemento dos perfís competenciais de etapa. Por este motivo, ano a ano imos mellorando os recursos tecnolóxicos existentes no centro e adquirindo tamén materiais que permitan a profesorado e alumnado traballar estes obxectivos relacionados no PEC de centro. Destacando a implicación dos mestres do centro na súa formación individual e a participación dos mesmos nos plans de formación desenvolvidos no centro.

Se pretende que este Plan Dixital siga a contribuír a mellorar o noso centro nestes aspectos e permita un traballo máis organizado e continuado ao longo do tempo, así como que favoreza o descubrimento daqueles aspectos que tanto profesorado e alumnado consideran máis deficitarios á hora de acadar os obxectivos plantexados.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A lexislación na que se basea a xustificación deste Plan Dixital é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

No noso centro educativo xa levamos tempo apostando pola utilización da tecnoloxía nas aulas, tanto para o desenvolvemento do propio currículo a través do emprego de múltiples ferramentas dixitais como para o plantexamento das dinámicas de aula ou o apoio á diversificación de actividades. No actual curso 21/22, participamos ademais por primeira vez no Proxecto Edix-Gal con 5º de educación primaria, o cal se prolongará o curso que vén tamén ao 6º curso. Ademais, todas as aulas de infantil, Primaria e as de algunhas especialidades así como a biblioteca, contan cun ordenador para utilización do profesorado, un canón de proxección e un encerado dixital ou pizarra branca naquelas aulas nas que non se dispón de EDI.

Tamén se utilizan de xeito habitual as tablets coas que conta o centro e a aula de informática antes da situación de pandemia era utilizada semanalmente por todo o alumnado como recurso habitual. Creando ademais o curso pasado unha pequena aula de tecnoloxía no edificio de primaria con algúns ordenadores portátiles, tablets e materiais necesarios para traballar con croma e habilitando un espazo de traballo con ordenadores e tablets na biblioteca pendente de abrir tras a súa incorporación a Plambe.

Outro dos aspectos que tamén estamos a traballar nos derradeiros anos foi a utilización da robótica para acadar certos aprendizaxes tanto en infantil como en primaria, resultando ser esta moi motivadora para o alumnado e moi útil nos proxectos que se levan a cabo nas distintas aulas e creando un banco de recursos para o centro moi amplo e variado: Lego Wedo, Scornabots,

Por este motivo, consideramos que este Plan Dixital nos vai permitir repensar as nosas necesidades con respecto ao uso das tecnoloxías do centro, sistematizar certas prácticas educativas e, sobre todo, amplialas a todo aquel profesorado que aínda non ten formación ou recursos dabondo para sentirse seguro con estas metodoloxías.

1.4. Proceso de elaboración

Á hora de elaborar este Plan Dixital todo o profesorado do centro está inmerso nun PFPP nomeado “Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital”, dentro do cal contamos cunha serie de sesións de formación que nos están a ser moi útiles no desenvolvemento do mesmo. Nestas sesións de formación se nos vai explicando aos poucos os pasos a seguir na elaboración dos mesmos e, o noso centro, está a intentar adaptar os contidos destes cursos á nosa realidade actual.

En xeral, o profesorado está a participar activamente tanto na elaboración deste plan dixital (aportando ideas, expoñendo as súas dúbidas e inquedanzas...) como no desenvolvemento do mesmo. Existindo un equipo nomeado para o desenvolvemento do Plan que inclúe un representante da etapa de Educación Infantil e un de cada ciclo de cada ciclo de Educación Primara, ademais da figura da directora coma coordinadora.

Así para a elaboración do Plan Dixital, nun primeiro momento o profesorado do centro e o alumnado do 5º e 6º curso de Educación Primaria participaron no desenvolvemento do TestCDD que ofreceunos resultados agrupados da autorreflexión e determinou o nivel de competencia dixital dun xeito orientativo co fin de poder planificar a formación futura do profesorado do centro no ámbito dixital. Os resultados obtidos determinaron que no centro participaron 16 docentes dun total dos 19 que foron convidados. É dicir participou o 84,2% do profesorado. Obtendo unha puntuación media no TestCDD de 91,1 sobre 192, polo tanto obtívose un nivel Integrador/a (B1). Así dos 16 docentes do centro que participaron 4 teñen un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2) e 6 teñen un nivel de competencia dixital Integrador/a (B1).

A continuación e nun segundo momento, desenvolveuse a análise DAFO dos resultados obtidos a través do TestCDD pola totalidade do profesorado e nunha reunión do claustro que quedou recollida mediante ás respostas do SELFIE e a súa organización na análise de aspectos internos e externos que afectan ao centro e a través da propia aula virtual do mesmo.

Finalmente e co fin de dar forma ao plan de acción que determinará o desenvolvemento do Plan dixital do noso centro a totalidade do equipo docente coordinados polo equipo anteriormente mencionado marcou os obxectivos a desenvolver e determinou os indicadores e as accións fixadas para correcto funcionamento do mesmo.

2. SITUACIÓN DE PARTIDA

2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible

Na actualidade o noso centro conta cos seguintes recursos tecnolóxicos:

ORDENADORES DE MESA:

- 12 ordenadores de mesa na Aula de Informática.
- 1 ordenador de mesa na biblioteca.
- 3 ordenadores de mesa en dirección.
- 3 ordenadores de mesa nas aulas de Infantil.
- 6 ordenadores de mesa nas aulas de Primaria.
- 1 ordenador de mesa na Aula de Música.
- 1 ordenador de mesa na aula de Inglés.
- 1 ordenador de mesa para a radio.

ORDENADORES PORTÁTILES

- 1 ordenador portátil na Aula de Audición e Linguaxe.
- 1 ordenador portátil no Departamento de Orientación.
- 1 ordenador portátil no despacho de dirección.
- 1 ordenador portátil para unha alumna de 4º con dislexia.
- 5 ordenadores portátiles na aula de informática de primaria.
- Ordenadores portátiles para o alumnado e profesorado de 5º de primaria.

EDIs E CANÓNS DE PROXECCIÓN:

- 8 encerados dixitais (3 en Infantil e 5 en Primaria).
- 10 canóns de proxección (3 en Infantil e 7 en Primaria).
- 1 canón de proxección na aula de música.
- 1 canón de proxección na biblioteca.

TABLETS E IPADS:

- Huawei mediapad T5 – 2 unidades
- Huawei Mediapad M5 lite – 2 unidades
- Huawei Matepad 10.4 – 4 unidades
- Ipad 2019 7ª generación – 2 unidades
- Touch tablet 10

Os servizos dixitais dos que dispón o centro son suficientes para un correcto desenvolvemento dixital nas aulas pero débese salientar que, sobre todo os ordenadores de mesa, están demasiado obsoletos e todos eles contan co sistema operativo LINUX para poder sacarles mellor rendemento, agás algúns dos das aulas de primaria que contan con Windows xa que requiren certos recursos aos que non se pode acceder sen esta plataforma.

Todas as aulas teñen conexión á rede cunha velocidade axeitada para levar a cabo as tarefas escolares e unha conexión Abalar para a aula pertencente ao proxecto Edix-Gal. Asimesmo, o alumnado de 5º conta co ordenador proporcionado pola Consellería para este mesmo proxecto, así como algúns dos mestres e mestras que traballan con este alumnado.

En canto ao mantemento dos equipos é levado a cabo polo equipo TIC do centro en canto á limpeza dos ordenadores, intentar que estes funcionen correctamente, teñan a correspondente protección antivirus e malware e, sobre todo, adócanse a resolver problemas relacionados co funcionamento dos equipos ou o uso que se poida levar a cabo cos mesmos.

No caso de que o equipo TIC teña dificultades á hora de resolver un problema xurdido, contacta coa UAC para poder resolvelo e, en último caso, se contratan os servizos dunha empresa informática externa ao centro.


A [aula virtual do centro](#) está moi nutrida de recursos didácticos xa que levamos anos intentando conseguir que esta sexa unha fonte de materiais para todo aquel profesorado que non dispoña de recursos e sexa utilizada tamén polo alumnado para practicar ou reforzar os contidos traballados nas distintas áreas.

2.2. Fuentes empleadas para a análise DAFO



Resumen de las áreas

Media de las respuestas por cada grupo (equipo directivo, profesorado y alumnado) para cada una de las 8 áreas.



Para elaborar a análise DAFO partiuse dos resultados obtidos no TestCDD recollidos mediante a resposta ás enquisas realizadas a través da plataforma SELFIE entre os meses de febreiro e marzo e a súa posterior organización na análise de aspectos internos e externos que afectan ao centro: infraestruturas, persoal docente e non docente, alumnado, familia e, oferta e organización do centro. Ademais das aportacións da ANPA, a lexislación e as entidades da contorna.

Despois da participación do profesorado e o alumnado do 5º e 6º curso de Educación Primaria a través deste informe ofrecéronsenos os resultados agrupados da autorreflexión do profesorado que participou no test do noso centro, plantexando un nivel de competencia dixital orientativo que serviranos para poder planificar a formación futura do profesorado noso no ámbito dixital.

Así a puntuación media a nivel de competencia de centro obtida no TestCDD foi de 91,1 sobre 192, obtendo polo tanto un nivel Integrador/a (B1) que queda determinado pola puntuación e nivel de competencia do centro distribuída por competencias e pola distribución do profesorado por niveis dentro de cada competencia. Sen esquecermos da importancia da análise final por subcompetencias: compromiso profesional, recursos dixitais, ensino e aprendizaxe, avaliación, capacitación do alumnado e desenvolvemento da capacitación dixital do alumnado. Unha análise que sitúa as nosas principais carenzas dixitais coma centro en:

- A importancia de reflexionar sobre a propia práctica docente en canto ao uso das tecnoloxías dixitais.
- Traballar cos conceptos e procesos do pensamento computacional como parte da competencia dixital docente.
- Utilizar as tecnoloxías dixitais para proporcionar retroalimentación e oportunidades para a reflexión tanto para o profesorado como para o alumnado.
- Utilizar as tecnoloxías dixitais para potenciar os procesos de aprendizaxe autorregulada do alumnado, fomentando a aprendizaxe activa e autónoma.
- Incorporar actividades de aprendizaxe nas que o alumnado utilice as tecnoloxías dixitais para comprender e resolver problemas.
- Capacitar o alumnado para que utilice as tecnoloxías dixitais de forma segura, á vez que se minimizan os riscos para garantir o benestar físico, psicolóxico e social.

- Implementar actividades de aprendizaxe que requiran que o alumnado se comunique e colabore mediante o uso de tecnoloxías dixitais.

E que ao mesmo tempo identifica coma os nosos puntos fortes:

- Empregar tecnoloxías dixitais (dispositivos, plataformas e software) e infraestrutura (acceso a Internet, rede local) dispoñibles no meu centro para mellorar a educación.
- Utilizar criterios de busca e selección para identificar recursos dixitais que cumpran os obxectivos do proceso de ensino- aprendizaxe.
- Diseñar, desenvolver e apoiar á aprendizaxe co uso das tecnoloxías dixitais para mellorar os resultados desa aprendizaxe.
- Usar as tecnoloxías dixitais para fomentar o compromiso activo e creativo do alumnado na súa aprendizaxe.
- Usar recursos e ferramentas dixitais, contornos virtuais de aprendizaxe e plataformas en liña para garantir a aprendizaxe do alumnado dentro e fóra da aula.

1.3 Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	8	10	80,00%
PROVISIONAL	2	3	66,70%
INTERINO	1	1	100,00%
SUBSTITUTO	3	3	100,00%
DESPRAZADO	2	2	100,00%

2.1 Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
91,1	Integrador/a (B1)	76,5	Integrador/a (B1)

2.2 Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	91,6	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI M	83,5	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3 Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
EXPLORADOR/A (A2)	4	25.00%
INTEGRADOR/A (B1)	6	37.50%
EXPERTO/A (B2)	3	18.80%
LÍDER (C1)	2	12.50%
PIONEIRO/A (C2)	1	6.30%
TOTAL	16	100.00%

2.4 Puntuación a nivel de competencia do centro por competencias

	Puntuación	Puntuación total da área	Puntuación media sobre 10
1. Compromiso profesional	27,3	54	5,1
2. Recursos dixitais	15,4	30	5,1
3. Ensino e aprendizaxe	13,3	30	4,4
4. Avaliación	8,2	18	4,6
5. Capacitación do alumnado	12	24	5
6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado	14,9	36	4,1
Total	91,1	192	5

2.5 Distribución do profesorado por niveis dentro de cada competencia

	Principiante (A1)	Explorador/a (A2)	Integrador/a (B1)	Experto/a (B2)	Líder (C1)	Pioneiro/a (C2)	Total
1. Compromiso profesional	0%	12,5%	50%	25%	6,3%	6,3%	100%
2. Recursos dixitais	0%	12,5%	43,8%	25%	12,5%	6,3%	100%
3. Ensino e aprendizaxe	6,3%	43,8%	18,8%	6,3%	25%	0%	100%
4. Avaliación	12,5%	31,3%	18,8%	12,5%	25%	0%	100%
5. Capacitación do alumnado	0%	37,5%	18,8%	12,5%	25%	6,3%	100%
6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado	0%	43,8%	25%	12,5%	18,8%	0%	100%

2.3. Análise DAFO

		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Espazos reducidos pero ben aproveitados. Boa selección de recursos dixitais que cumpren os obxectivos do proceso de ensino – aprendizaxe. Bo acceso a internet.	Espazos reducidos e con necesidades estruturais.
	PERSOAL DOCENTE	Implicación individual en función dos coñecementos previos. Predisposición á colaboración. Formación entre compañeiros/as.	Individualidade á hora de empregar as ferramentas TIC. Emprego das tecnoloxías dixitais para abordar as diversas necesidades e capacidades de aprendizaxe. Necesidade dunha práctica reflexiva.
	PERSOAL NON DOCENTE	Boa predisposición e colaboración estreita co centro.	
	ALUMNADO	Interese e boa disposición. Compromiso creativo do alumnado na súa aprendizaxe. Capacidade para a aprendizaxe mixta.	Falta de destreza e competencia dixital. Uso dos dispositivos que non garante o benestar físico, psicolóxico e social.
	FAMILIAS	Familias implicadas e participativas. Acceso aos contidos dixitais fácil e seguro para as familias protexendo os datos persoais e confidenciais.	Falta de formación para o uso dos medios dixitais. Preferencia por outros medios de comunicación co centro.
	OFERTA	Aulas maioritariamente equipadas con PDI. Tablets a disposición de todos/as os/as docentes. E-DIXGAL en 5º de EP.	Medios dixitais obsoletos. Falta de actividades de aprendizaxe nas que o alumnado utilice as tecnoloxías dixitais.
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO	Dispoñibilidade horario para o acceso aos recursos dixitais. Contornas virtuais e plataformas en liña para a aprendizaxe dentro e fóra da aula.	Falta dunha organización común á hora de xestionar as contornas virtuais. Ausencia de recursos dixitais de retroalimentación que faciliten a planificación de accións posteriores a profesorado e alumnado.

		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Oferta de formación docente. Apoio profesional para a implantación e a asistencia técnica de Edix.Gal no centro. Ofreta de recursos educativos abertos.	Formación pouco orientada á práctica. Recursos económicos limitados. Falta de recursos de ensinanza – aprendizaxe. Escasa orientación nas novas modalidades de ensino.
	LEXISLACIÓN	Aparición de novos programas que empregan as TIC como radio na biblio, PLAMBE, ...	Estándares de aprendizaxe pouco adaptados aos diferentes niveis e á realidade do centro.
	ANPA	Actividades extraescolares relacionadas coas TIC. Comunicación coas familias a través das plataformas dixitais do centro. Propostas de actividades con contido dixital.	Pouca aceptación das familias cara ás actividades extraescolares relacionadas coa competencia dixital. Adaptación das propostas dixitais á realidade do centro.
	CONTORNA	Diversidade de actividades propostas polo Concello de Narón e concellos limítrofes.	Oferta limitada de actividades con TIC. Apoio limitado para identificar e abordar a FENDA dixital de familias e alumnado.
	OUTRAS ENTIDADES	Saídas educativas á Universidade de Ferrol ou outras entidades que fagan uso dos medios dixitais.	Escaseza de actividades de aprendizaxe que requiran que o alumnado se comunique e colabore mediante o uso de tecnoloxías dixitais.
	ALUMNADO		Falta de oportunidades para capacitalos na xestión da súa identidade dixital, a súa pegada dixital e a súa reputación dixital.

3. PLAN DE ACCIÓN

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

“Área/s de mellora”:		C - INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS			
1. OBXECTIVO (1):	Introducir novas tecnoloxías nas aulas (2 dispositivos tecnolóxicos) de 5 anos de infantil a 4º de primaria (ambos incluídos).				Acadado
RESPONSABLE:	O equipo directivo coa axuda da coordinadora TIC.				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Que se acade un mínimo de 2 equipos por aula para o desfrute do alumnado.				
Valor de partida (3)	En todas as aulas existe o dispositivo propio para o uso docente. Ademais, hai unha cantidade de equipos na sala de ordenadores.				
Valor previsto e data (4)	Considerarase acadado cando todas as aulas previstas contén con dous dispositivos para o uso do alumnado.			Outubro de 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1: Acondicionar un espazo para os dispositivos.	TITORES	SETEMBRO DE 2022	Mesas e cadeiras.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Revisar o acceso á electricidade no espazo previsto.	TITORES	SETEMBRO DE 2022	Regletas e adaptadores precisos.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Mercar os dispositivos previstos para cada aula.	TITORES	OUTUBRO DE 2022	Dous dispositivos por aula. En total 10 dispositivos.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”:

D-DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO

2. OBTXECTIVO (1):	Formar ás familias no uso de medios dixitais.	Acadado
RESPONSABLE:	Coordinador TIC	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBTXECTIVO (2)	Realización de dous obradoiros de formación en medios informáticos para familias. Un sobre o uso e outro sobre seguridade.	
Valor de partida (3)	Non se realizou ningunha actividade de formación nos pasados dous cursos.	
Valor previsto e data (4)	Realización de un dos obradoiros e asistencia de ao menos 40% das familias.	Xuño de 2023

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1: Realización dun obradoiro sobre internet, mail, recursos dixitais compartidos.	Coordinador TIC.	DECEMBRO 2022	-Aula grande con varios PC, e proxector.	-Ao menos unha sesión.	Realizada
				-Programada pero non realizada.	Aprazada
				-Non se programou, e polo tanto non se realizou	Pendente
AO1.2: Organización dunha charla enfocada á seguridade en internet e RRSS.	Dirección	01/02/23	-Asesor externo do concello ou a policía. -Aula con PC e proxector.	-Ao menos unha sesión.	Realizada
				-Programada pero non realizada.	Aprazada
				-Non se programou, e polo tanto non se realizou	Pendente

“Áreas de mellora”:		D-DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO			
3. OBXECTIVO (1):	Establecer un consenso no uso das ferramentas TIC.				Acadado
RESPONSABLE:	Equipo docente				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	<ul style="list-style-type: none"> - Emprego da AV/EVA nas diferentes unidades de contido. - Emprego de abalar e correo edu.xunta na comunicación coas familias. - Formación interna ou externa sobre o uso de AV/EVA e abalar. - Crear un repositorio de material dixital no drive do centro. 				
Valor de partida (3)	Individualidade no uso das ferramentas.				
Valor previsto e data (4)	Uso común e compartido das ferramentas tecnolóxicas.			Setembro de 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1: Empregar as ferramentas corporativas no tratamento de contidos. aula virtual/ EVA na comunicación coas familias, correo electrónico ...).	Equipo docente	Setembro 2022	Os existentes no centro.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Empregar as ferramentas corporativas na comunicación coas familias (correo edu.xunta e abalar)	Equipo docente	Setembro 2022	Os existentes no centro.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Abordar a formación necesaria para o uso das ditas ferramentas.	Equipo docente	Primeiro trimestre do curso 2022/23	Os existentes no centro.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”:

D-DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO

4. OBXECTIVO (1):	Empregar as TIC para abordar as diversas necesidades e capacidades de aprendizaxe.	Acadado
RESPONSABLE:	Equipo docente.	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	<ul style="list-style-type: none"> - Recursos dixitais en cada unha das aulas. - Abordar un contido dixital por unidade de contido. - Realizar unha PFPP sobre tecnoloxías dixitais. 	
Valor de partida (3)	Non se empregan os recursos dixitais para abordar as diversas necesidades e capacidades.	
Valor previsto e data (4)	Empregar os recursos dixitais para abordar as diversas necesidades e capacidades.	Xuño de 2023

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1: Contar cun ordenador ou tablet funcional en cada unha das aulas.	Equipo directivo	Setembro 2022	Ordenadores ou tablets.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Elaborar polo menos un contido dixital en cada unidade.	Equipo directivo	Xuño 2023	Ordenadores ou tablets.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Abordar a formación necesaria para o uso das ditas ferramentas.	Equipo directivo	Xuño 2023	Ordenadores ou tablets.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”:		E-PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS			
5. OBEXECTIVO (1):	Empregar actividades de avaliación virtuais para que tanto docentes como alumnado avalíen as actividades realizadas.				Acadado
RESPONSABLE:	Profesorado e alumnado.				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBEXECTIVO (2)	Creación de actividades de avaliación na aula virtual.				
Valor de partida (3)	0 actividades de avaliación na aula virtual.				
Valor previsto e data (4)	3 actividades de avaliación (1 cada trimestre) na aula virtual.			Abril de 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1: Proposta dunha actividade de avaliación dixital útil e modificable para todos os niveis e áreas (por exemplo, de traballo en equipo).	Equipo TIC	DECEMBRO 2022	Aula virtual do centro e recursos dixitais de creación propia		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Creación e uso dunha actividade de avaliación dixital adecuada a cada nivel e área por parte do profesorado.	Profesorado	FEBREIRO 2023	Aula virtual do centro e recursos dixitais de creación propia		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Creación e uso dunha actividade de avaliación dixital por parte do alumnado.	Alumnado	ABRIL 2023	Aula virtual do centro e recursos dixitais de creación propia		Realizada
					Aprazada
					Pendente

“Áreas de mellora”:

E-PEDAGOXÍA APOIOS E RECURSOS

6. OBXECTIVO (1):	Deseñar actividades de aprendizaxe a través das TIC, actividades TAC	Acadado
RESPONSABLE:	Equipo docente	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de actividades TAC deseñadas polo equipo docente	
Valor de partida (3)	0 TAC	
Valor previsto e data (4)	3 actividades TAC ao trimestre	Xuño de 2023

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1: Elaboración dunha actividade TAC	Equipo docente	Outubro 2022	Ordenadores e tablets.	Confirmar a finais de outubro que se deseñou unha actividade.	Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Creación dun ficheiro de actividades TAC no centro	Equipo docente	Decembro 2022	Ordenador ou tablet para crear o ficheiro e desenvolver actividades dentro do mesmo.	Comprobar a realización do ficheiro ao final do primeiro trimestre. Secuenciar as actividades por curso para conseguir unha progresión consensuada ao longo das etapas educativas e interetapas.	Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Realización de 3 actividades TAC ao trimestre	Equipo docente	Xuño 2023	Ordenadores e tablets	Implementación, ao longo de cada trimestre, das actividades deseñadas e modificadas do ficheiro de actividades creado por todo o equipo.	Realizada
					Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”:		E-PEDAGOXÍA:APOIOS E RECURSOS			
7. OBTXECTIVO (1):	Facilitar as comunicacións, mediante medios telemáticos, entre centro e familias.				Acadado
RESPONSABLE:	Os titores.				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBTXECTIVO (2)	Comunicación entre centro en familias levada a cabo a través de medios telemáticos.				
Valor de partida (3)	Antes do COVID, as circulares adoitaban ser en papel, durante o COVID priorizouse outras vías de comunicación.				
Valor previsto e data (4)	Comunicacións a través do email, Abalar e páxina web.			Xuño de 2023	
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1: Nas reunións trimestrais, sobre todo na inicial de curso levarase a cabo a asesoría suficiente para o fin desexado, na app Abalar, correo electrónico e páxina web do centro.	Titores	XUÑO 2023	-Que as familias e o centro teñan algún dispositivo informático e conexión a internet.	- Celebrouse a primeira reunión na que se explicaron as bases para a comunicación telemática e se valorou que ao fin de curso as comunicacións foron maioritariamente telemáticas.	Realizada
				- Celebrouse a primeira reunión na que se explicaron as bases para a comunicación telemática pero as comunicacións non foron telemáticas, ou apenas foron.	Aprazada
				-Non se abordou o obxectivo aínda que se celebrou a reunión.	Pendente
AO1.2: Transmitir todas as circulares da dirección a través de medios telemáticos.	Titores	XUÑO 2023	- Dispositivos informáticos e internet.	- Enviáronse case todas as comunicacións e compartíronse recursos e actividades a través da web.	Realizada
				- Enviáronse algunhas comunicacións.	Aprazada
				-Non se enviou ningunha comunicación por vías telemáticas	Pendente
AO1.3 Empregar o calendario da páxina web para seguemento das familias das actividades do centro e de cada aula respectivamente.	Titores e especialistas	XUÑO 2023	- PC ou equivalente, internet e páxina web do centro.	-Todas ou case todas as actividades de centro e das aulas foron publicadas no calendario da web do centro.	Realizada
				- As actividades de centro foron publicadas no calendario, pero non as das aulas.	Aprazada
				- Ningunha ou case ningunha das actividades foron publicadas no calendario da web.	Pendente

“Área/s de mellora”:		F-PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA			
8. OBXECTIVO (1):	Actualizar os medios dixitais disponibles no centro				Acadado
RESPONSABLE:	Equipo TIC				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Aumento de equipos dixitais no centro				
Valor de partida (3)	Equipos dixitais actuais				
Valor previsto e data (4)	2 Equipos dixitais por aula			Xaneiro de 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1: Adquisición de tablets para infantil	Equipo TIC e equipo directivo	Outubro 2022	4 ou 5 tablets por aula (1 cada 4 ou 5 alumnos)	Que cada equipo de aula poda dispoñer dunha tablet.	Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Adquisición de equipos para as aulas de infantil e de 1º a 4º de primaria	Equipo TIC e equipo directivo	Xaneiro 2023	2 ordenadores e 5 tablets por aula	Comprobar que en tódalas aulas hai o número de ordenadores e tablets novos previstos.	Realizada
					Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”:		G-PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN			
9. OBTXECTIVO (1):	Desenvolver unha práctica reflexiva das TIC.				Acadado
RESPONSABLE:	Equipo docente.				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBTXECTIVO (2)	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración do plan dixital. - Establecemento de obxectivos previos no uso das TIC. - Deseño de indicadores de logro que permitan valorar o traballo realizado e elaborar un plan de mellora. 				
Valor de partida (3)	Na maioría dos casos non se desenvolve unha práctica reflexiva.				
Valor previsto e data (4)	Mais da metade dos mestres cumpren os indicadores establecidos			Xuño de 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1: A planificación e elaboración do propio Plan Dixital é o paso previo e indispensable para unha práctica reflexiva.	Equipo docente.	Setembro 2022	Ordenadores ou tablets.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Establecer uns obxectivos previos orienta o traballo. Coñecer o que queremos acadar permítenos elaborar estratexias metodolóxicas adecuadas e seleccionar os recursos idóneos para desenvolver o traballo.	Equipo docente.	Setembro 2023	Os existentes no centro.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Establecer indicadores de logro permítenos valorar a nosa práctica e establecer un plan de mellora.	Equipo docente.	01/09/23	Os existentes no centro.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”:		H-COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO			
10. OBEXECTIVO (1):	Manter a aula virtual actualizada con enlaces, xogos e actividades dixitais dirixidas ao alumnado de todos os cursos.				Acadado
RESPONSABLE:	Profesorado.				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBEXECTIVO (2)	Número de enlaces e actividades actualizadas.				
Valor de partida (3)	0% de enlaces e actividades actualizadas.				
Valor previsto e data (4)	100% de enlaces e actividades actualizadas.			Novembro de 2022	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1: Comprobación do permiso de acceso de todo o profesorado á aula virtual.	Equipo TIC	SETEMBRO 2022	Aula virtual do centro e recursos dixitais externos e de creación propia		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Actualización de todos os usuarios e contrasinais do alumnado para acceder á aula virtual.	Equipo TIC	OUTUBRO 2022	Aula virtual do centro e recursos dixitais externos e de creación propia		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Comprobación da utilidade e actualización das actividades da aula virtual por parte de titores, titoras e especialistas.	Profesorado	NOVEMBRO 2022	Aula virtual do centro e recursos dixitais externos e de creación propia		Realizada
					Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”:		H - COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO			
11. OBXECTIVO (1):	ADQUIRIR E/OU MELLORAR A DESTREZA E COMPETENCIA DIXITAL NO ALUMNADO				Acadado
RESPONSABLE:	TITORES				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	N.º de actividades relacionadas co uso axeitado dos recursos TIC na aprendizaxe				
Valor de partida (3)	0 actividades relacionadas co uso axeitado dos recursos TIC na aprendizaxe nun trimestre				
Valor previsto e data (4)	5 actividades relacionadas co uso axeitado dos recursos TIC na aprendizaxe nun trimestre				
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1: Diseñar e planificar experiencias de aprendizaxe con TICs	TITORES	XUÑO 2023	AULA INFORMÁTICA E/OU DISPOSITIVOS DIXITAIS NAS AULAS (Pcs , PANTALLA DIXITAL, ...)		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Introducir de maneira transversal a competencia dixital en todas as materias	TITORES	XUÑO 2023	AULA INFORMÁTICA E/OU DISPOSITIVOS DIXITAIS NAS AULAS (Pcs , PANTALLA DIXITAL, ...)		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Potenciar o pensamento crítico para o uso racional e axeitado dos recursos TICs	TITORES	XUÑO 2023	AULA INFORMÁTICA E/OU DISPOSITIVOS DIXITAIS NAS AULAS (Pcs , PANTALLA DIXITAL, ...)		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.4: Secuenciar a aprendizaxe da competencia dixital por cursos de maneira escalonada.	EQUIPOS DE CICLO	XUÑO 2023	AULA INFORMÁTICA E/OU DISPOSITIVOS DIXITAIS NAS AULAS (Pcs , PANTALLA DIXITAL, ...)		Realizada
					Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”:		H-COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO			
12. OBXECTIVO (1):	DOTAR AO ALUMNADO DOS COÑECEMENTOS SOBRE O USO RESPONSABLE E CRÍTICO DAS TICS				Acadado
RESPONSABLE:	EQUIPO DIRECTIVO, CLAUSTRO E TITORES				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de actividades relacionadas co uso responsable e crítico das TICS.				
Valor de partida (3)	0 actividades relacionadas co uso responsable e crítico das TICS.				
Valor previsto e data (4)	3 actividades relacionadas co uso responsable e crítico das TICS.				
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1. Organizar a formación do alumnado por medio de servicios externos do uso responsable e crítico das TICS.	EQUIPO DIRECTIVO	DECEMBRO DE 2022	AULA INFORMÁTICA E/OU DISPOSITIVOS DIXITAIS NAS AULAS (Pcs , PANTALLA DIXITAL, ...)		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Preparar actividades formativas con respecto ao uso responsable das TICS por parte do alumnado dos cursos superiores para impartir nos cursos inferiores.	TITORES	XUÑO 2023	AULA INFORMÁTICA E/OU DISPOSITIVOS DIXITAIS NAS AULAS (Pcs , PANTALLA DIXITAL, ...)		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Propoñer un día semanal de actividades ou xogos alternativos aos videoxogos.	CLAUSTRO	XUÑO 2023	AULA INFORMÁTICA E/OU DISPOSITIVOS DIXITAIS NAS AULAS (Pcs , PANTALLA DIXITAL, ...) AULA VIRTUAL E PÁXINA WEB DO COLEXIO		Realizada
					Aprazada
					Pendente

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

No noso centro as principais necesidades de equipamento dirixense á aula de informática, onde os ordenadores son demasiado antigos e o sistema operativo está obsoleto. Na actualidade contamos con 12 ordenadores de mesa que tiñan de sistema operativo Windows XP e que foron actualizados coa maqueta abalar, a cal non permite utilizar moitos dos programas que se usan a cotío co alumnado. Ademais, os 6 ordenadores portátiles cos que conta o alumnado que non está en Edix-gal son moi antigos e temos dificultades para conectalos a internet ou para utilizar programas actuais que requiren mellores ordenadores.

Durante os derradeiros anos se foron mercando algunhas tablets para solventar esta dificultade pero na actualidade contamos con 6 tablets Android e dous Ipad, os cales resultan insuficientes para traballar mesmo cunha única aula tendo que ser estas compartidas por todo o centro.

Sería importante aumentar a dotación de tablets no centro para poder levar a cabo as actividades dixitais que o centro realiza.

Nas aulas Edix-gal non contamos con carro de carga porque aínda non nos foi subministrada pola consellería, o cal é unha dificultade porque temos regletas espalladas polo chan que poden supoñer perigos e accidentes co equipamento Edix-gal.

Os proxectores son antigos e, varios deles, xa comezan a ter problemas coa lámpada, o cal será un problema porque son antigos e custa máis unha lámpada nova que un novo proxector. Hai que ter en conta que a maioría das aulas utilizan o proxector a diario para levar a cabo as sesións.

A conexión a internet na actualidade é axeitada e non temos dificultades nese aspecto agás na biblioteca onde hai unha instalación defectuosa do cableado e internet e as caixas de conexións están rotas e deterioradas.

4. AVALIACIÓN DO PROXECTO

A avaliación do plan dixital será continua e, para levala a cabo, se terán en conta os apartados referidos á avaliación especificados no plan de acción.

A avaliación será de dous tipos:

- **Avaliación procesual**, a cal se levará a cabo ao final de cada trimestre e os aspectos a valorar serán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e propostas de mellora.

- **Avaliación final**, a cal se levará a cabo a final do ano e se incluírán aspectos como a valoración dos logros dos obxectivos e as propostas de mellora. En base a esta avaliación se desenvolverán os seguintes plans dixitais, os cales incluírán aqueles aspectos valorados negativamente do plan anterior e outros novos que vaian xurdindo ao longo do tempo.

5. DIFUSIÓN DO PLAN

O plan dixital será exposto tanto en claustro como en consello cada ano coa finalidade de dalo a coñecer, explicar a súa finalidade e que se poidan aportar todas as indicacións necesarias para que toda a comunidade educativa poida participar no mesmo e aportar todo o necesario para que se leve a cabo.

Ademais, o plan dixital estará dispoñible permanentemente na web do centro para que o poida consultar calqueira persoa e se enviará unha copia á comunidade educativa para a súa difusión.